


CLASE ELEMENTO: Arquitectura	TIPOLOXÍA: Civil	VISITA 10
DENOMINACIÓN DO BEN: Ponte romana de Mañufe		
TITULARIDADE: Pública	UBICACIÓN: Mañufe (San Vicente)/Mañufe	
CONTORNO: Sobre o río Miñor, no camiño que comunica o barrio de A Texosa (dende o cruceiro), co de Moreira e Lameiro (Mañufe).		

	BIBLIOGRAFÍA:
	<p>FONTÁN RGUEZ, Domingo: <u>Carta geométrica de Galicia</u>. 1845. I. Geográfico Nacional. Madrid, 1989.</p> <p>NARDIZ ORTIZ, Carlos e ALVARADO BLANCO, Segundo: <u>Pontes Históricas de Galicia</u>. Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos. Xunta de Galicia. A Coruña, 1991.</p> <p>SOLIÑO TRONCOSO, Manuel e OUTROS: <u>Gondomar. Historia, Arte y Territorio</u>. Ir Indo Ed. (Páxs 231-234)</p>

DESCRICIÓN:
<p>Podería tratarse dunha construción de tipoloxía romana, aínda que as sucesivas reconstrucións e modificacións de época medieval, borraron as posibles pegadas de épocas anteriores. Nunha das pezas da base dun dos estribos consérvase un gravado: “<i>L ERA: MCLXXIII</i>”. Segundo os estudos publicados, a posible data de reconstrución da ponte, atendendo á devandita inscrición, podería datarse no ano 1140 d. C. A primeira referencia documental sobre a ponte remóntase á “<i>Carta geométrica de Galicia</i>” de <i>Domingo Fontán Rodríguez de 1845</i>.</p> <p>Ponte alomado, de tres arcos de medio punto, con tallamares triangulares nas pías e unha lonxitude total de 36'00 metros e unha altura máxima de 4'10 metros sobre o nivel do río. Os vans, de esquerda a dereita, miden 5'60 m., 5'50 m. e 2'50 metros.</p> <p>Trátase dunha obra en cantería granítica, de sillería toscamente labrada, nas doelas e estribos, e cachotería para os recheos. A construción preséntase sobre unha plataforma de apoio, que mostra un ancho maior que os machóns que o sustentan. Nalgúns elementos da construción e especialmente no intradorso da bóveda, son perceptibles marcas, probablemente de canteiros.</p>